

Unha estrutura punk e intelixente, onde os contos rebaten a dialéctica establecida por outros contos, onde a idea de liberdade creadora vén subliñada polas conexións alleas ao propio texto, que parecen chiscarnos o ollo dende fóra, ou polo menos para esta lectora: o medo á independencia das máquinas faime pensar en *Black Mirror*, a busca da recreación do ser amado nun novo, case biónico, no *Her* de Spike Jonze, a soidade do xenio e a súa difícil sociabilidade, na lendaria e ao mesmo tempo traxica figura de Aaron Swartz.

Avanzamos na lectura e as nosas expectativas son superadas sempre por un novo xiro argumental, pola fascinante exhibición de coñecemento tecnolóxico e lingüístico, polas bonecas rusas da metaficción. E, sobre todo, pola idea de que esta novela podería conter moitas máis, tan distópicas como profundamente humanas. Como sairemos de aquí? Premendo o botón ao mellor reiniciamos o sistema. E non é esa a finalidade da literatura?

# NARRATIVA

## UNHA OLLADA INOCENTE SOBRE A POSGUERRA

por **Andrea Fidalgo Giraldez**


*A nena do abrigo de astracán* é unha longa novela do recoñecido autor de literatura infanto-xuvenil Xabier Docampo. Despois dunha longa traxectoria escribindo libros dedicados, maioritariamente, a adolescentes, esta é unha novela dirixida a un lectorado adulto, no que podemos incluír tamén adolescentes. Trátase dunha narración de temática comprometida, na que, segundo ten dito o autor, traballou durante quince anos investigando en documentos da época de posguerra, 1946 e 1947, cos que ambientar a historia.

Susana, a protagonista, é unha entusiasta da maxia do cinema e asiste con frecuencia ao cine do Morcego para ver filmes que logo lle conta á súa madriña. Eses relatos compoñen a estrutura da obra

en sete capítulos, cada un co nome dunha das películas que ve Susana e que, segundo o autor, se proxectaron na capital galega nos anos nos que se sitúa a acción. A nena ofrécesenos como contrapunto bondadoso e inocente aos feitos que se van relatar na novela e serve como fio condutor do relato por ser a observadora que, partindo da súa inocencia, se decata do envilecemento da sociedade que a rodea.

A propia vila de Ribadaínsua toma a voz para narrar desde unha omnisciencia selectiva, pois só coñece o que pasa dentro dos límites do seu territorio; conta o que fan, senten, din ou pensan os personaxes marcados pola posguerra que habitan as casas. Esta voz narrativa comeza a novela introducindo o tema principal do que se vai tratar, o mal.

O mal representado como unha das consecuencias que a guerra civil española tivo na poboación e que se estende dun xeito ou doutro entre os habitantes de Ribadaínsua provocando as desgrazas e inxustizas que se suceden na novela. Ese mal está encarnado por personaxes que ocupan postos de poder e que lexitiman a ditadura, como don Amancio, dona Agustina e don Ricardo. O ben ten presenza na historia como opoñente da maldade e que se proxecta nalgúns personaxes humildes e bondadosos, que



*A nena do abrigo de astracán*

**Xabier P. Docampo**  
Xerais  
Vigo, 2017  
400 páxinas